



A Academia non ergue cabeza. Logo da escandaleira que remataría por provocar a renuncia de Méndez Ferrín, mais que non serviu para clarear e dar respostas a dúbidas ben graves a respecto da súa xestión, o principal alicerce institucional da nosa fala atravesará días penosos. A trama palaciana invade a rúa das Tabernas. A elección da (algúns non perdemos a esperanza) ou do sucesor de Ferrín acabou por converter a RAG nunha caste de senado romano, onde há lugar para a elucubración, a conspiración e mesmo a traizóns en forma de apoios que van e veñen.

Non son partidario de ningunha das dúas candidaturas. Nin a continuísta de Manuel González, nin a súa alternancia (que non necesariamente alternativa) encabezada por un Alonso Montero, que coido ninguén imaxinara até agora como eventual Presidente da RAG. Por algo sería.

Máis que propostas diferentes para o necesario relanzamento e osixenación da Academia, ficamos perante máis unha expresión dun conflito entre sectores da aristocracia intelectual que se arroga a dirección do destino da vida cultural do noso país. Porén, afortunadamente a nosa cultura latexa na base. Nas rúas, nos recunchos do noso país, nos grandes e pequenos auditorios, nos obradoiros, nos circuítos amateur, nos locais de ensaio, nas pequenas mostras e certames. Nos furanchos. Non nos despachos. A cultura de futuro arrecende a axila fresca, a verbas novas, a lenzo a medio pintar. Non a naftalina, nin a egos incólumes, nin a biografías grandilocuentes. Sabe a creación, non a disputa. E menos a disputa de poder.

O Senado da rúa Tabernas

Escrito por Xabier P. Igrexas | @contradiscurso
Martes, 16 Abril 2013 03:31

E no medio desta batalla de salón, fica un idioma que segue a ser golpeado con saña por quen detesta o noso feito diferencial, o noso ser colectivo, a nosa identidade nacional. Os que se afanan en acadar a dirección do instrumento, non deberan esquecer a súa misión. Se cadra cómpre unha outra alternativa que conciba as persoas, e as equipas, como medios ao servizo dunha causa, e non ao contrario. Ogallá --por xustiza-- teña nome de muller.

Xabier P. Igrexas

www.contradiscorso.net | @contradiscurso